

**JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO.
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 20 de marzo do 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5. CONTRATACIÓN E SERVIZOS

A) CONTRATACIÓN. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A ADQUISICIÓN EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO FINANCEIRO (LEASING) DUN VEHÍCULO CAMIÓN-GRÚA CON BASCULANTE PARA O DEPARTAMENTO DE OBRAS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.010-SUMBPN17).

ANTECEDENTES,

1º.- Informe xustificativo da necesidade da adquisición do vehículo camión-grúa para o departamento de obras do Aparellador municipal de 13 de marzo.

2º.- Providencia da alcaldía 14.3.2017 de inicio do expediente de contratación referenciado no asunto de cabeceira así como, do valor estimado do contrato, da súa duración e do procedemento de contratación que é o negociado sen publicidade.

3º.- Prego de prescricións técnicas particulares do 15.3.2017 redactado pola Alcaldía e prego de cláusulas administrativas particulares de 16.3.2017 redactado polo Servizo de Contratación, debidamente conformado polo Alcalde.

4º.- Informe xurídico de 16.3.2017 ao prego de cláusulas en cumprimento do disposto no art. 115.6 e Dad. 2ª.7 do Rd. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

5º.- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral.

LEXISLACIÓN APLICABLE,

- Os artigos 22, 109, 110, 138.2, 173, 176 a 178 e 301 a 307 do Rd. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP).
- O Rd. 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Rd. 1098/2001, de 12 de outubro.

- O Rd. 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público
- O Rd. 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009).
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 110 do TRLCSP; a DAd. 2ª do TRLCSP; e o Decreto 18.06.2015 (BOP nº 160 de 14.7.2015).

Polo que antecede, a Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: APROBAR o gasto correspondente que poderá ser contabilizado con cargo ás aplicacións orzamentarias 1532.64800 e 011.35800 do vixente orzamento xeral.

SEGUNDO.- APROBAR o expediente para a “Adquisición en réxime de arrendamento financiero con opción de compra (Leasing) dun vehículo Camión-Grúa con basculante para o departamento de obras do Concello de Moforte de Lemos” polo importe de 29.900,00.-euros (IVE engadido) e un prazo de duración de 4 anos.

TERCEIRO.- APROBAR o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán dita contratación.

CUARTO.- DISPOR a apertura do procedemento de adxudicación que é o negociado sen publicidade ao amparo dos arts. 173.f) e 177.2 do TRLCSP, ao existir un valor estimado de licitación inferior a 60.000,00.-euros e por tramitación común debendo solicitar ofertas a todas as entidades financeiras con oficina no termo municipal de Monforte, cando menos, a tres empresa capacitadas para a realización do obxecto do contrato.”

SECRETARIA

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a vinte e un de marzo de dous mil dezasete.

Vº e Pce.

O ALCALDE

